

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****TUI****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN BASE DE EXECUCIÓN Nº 55 DO ORZAMENTO
DO 2022 PRORROGADO PARA O EXERCICIO DO 2023**E D I C T O**APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA BASE 55ª DAS DE EXECUCIÓN
DO ORZAMENTO.*

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión extraordinaria de data 14 de marzo de 2023, o expediente de modificación da Base 55ª “Axudas e subvencións públicas”, do Orzamento municipal para o exercicio 2022, prorrogado para o exercicio do 2023.

Transcorrido o prazo de exposición regulamentario (BOP nº 56, do 21 de marzo do 2023), de acordo co preceptuado no RDL 2/2004, do 05.03 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sen que se presentase reclamación ningunha, considérase definitivamente aprobado o expediente de modificación da Base 55ª “Axudas e subvencións públicas” do Orzamento municipal para o exercicio 2022, prorrogado para o exercicio do 2023, dispónse a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Edictos da sede electrónica deste Concello.

Quedando a Base 55ª “Axudas e subvencións públicas” do Orzamento municipal para o exercicio 2022, prorrogado para o exercicio do 2023, da seguinte forma:

*“ BASE 55ª.- AXUDAS E SUBVENCIONES PÚBLICAS**A) SUBVENCIONES EN XERAL**1.- Ámbito de aplicación.-*

1.1.- As subvencións que se outorguen polo Concello de Tui, rexeranse polo disposto nas correspondentes Ordenanzas aprobadas polo Pleno da Corporación, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e restante normativa de aplicación. Nembargantes o anterior, a presente base será de aplicación preferente en materia económico orzamentaria.

1.2.- Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas e subvencións comprenderá:



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para promover as actividades culturais e deportivas nos centros de ensino: escolas, centros e asociacións de pais de alumnos (ANPAS).
- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades culturais: asociacións culturais, asociacións de veciños e asociación xuvenil.
- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro ou deportistas para realizar actividades deportivas: asociacións deportivas ou deportistas.
- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades de recuperación e difusión do patrimonio cultural.
- Transferencias correntes a entidades sen ánimo de lucro para realización de actividades que redunden en beneficio dos veciños/as do Concello revestindo interese municipal.
- Outras transferencias correntes ou de capital que teñan por obxecto colaborar ou promover a realización de proxectos ou desenvolvemento de actividades de interese municipal.
- Outras transferencias correntes ou de capital para atención de situacións de necesidade ou emerxencia social.

O outorgamento das subvencións ten carácter voluntario e excepcional, e a Corporación poderá revocalas ou reducilas en calquera momento. En ningún caso serán invocables como precedente.

Non están comprendidas no ámbito de aplicación da presente base as achegas dinerarias realizadas a outras Administracións Públicas cando sexa en cumprimento dun convenio de colaboración, como achega do Concello a un gasto que vaia reverter en interés do mesmo, en execución dunha disposición legal, etc. Así mesmo non están incluídas no ámbito de aplicación do presente capítulo aquelas achegas que sexan consecuencia dunha sentenza xudicial firme. Exclúense expresamente dos requisitos xerais de concorrencia competitiva as achegas a realizar á UNED resultado do asinamento do correspondente Convenio de Colaboración.

1.3.- Tampouco están sometidas ás disposicións deste capítulo as achegas anuais, realizadas polo Concello, de ser membro das seguintes asociacións, segundo cantidades aprobadas polos respectivos órganos de goberno:

Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) por 1.000,00 €

Federación Española de Municipios e Provincias (Rede española de cidades saudables (RECS) por 1.000,00 €

Federación Española de Municipios e Provincias (Cota anual Rede de Entidades Locais para Axenda 2030) por 1.000,00 €

Federación Galega de Municipios e provincias (FEGAMP) por 800,00 €

Consortio Galego de Igualdade e Benestar (nos seus distintos programas) por 73.800,00 €



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

Outros organismos UNED por 43.350,16 €

Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño por 45.000,00 €

Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste por 5.435,37 €

Rede de Xudarías por 9.000,00 €

Deputación de Pontevedra por 4.500,00 €

Deputación de Pontevedra por 1.700,00 €

Fondo Galego de Cooperación de Solidariedade por 1.009,00€

Vilas en Flor por importe de 302,50€

Neste caso, o soporte xustificativo do gasto será, ou ben o recibo ou factura emitidos pola asociación, ou ben a acta da sesión do órgano de goberno respectivo onde se determine a cantidade correspondente.

1.4.- Achega a Entidade Local Menor de Pazos de Reis.

Inclúese na aplicación orzamentaria 942-46801-01 a cantidade de 44.935,11€, o calculo estimado do 25% dos impostos que se devengan no ámbito territorial da Entidade Local Menor de Pazos de Reis.

Deberase realizar o correspondente Convenio no que se establecera o porcentaxe co que deba contribuir a Entidade as cargas xerais do Concello.

2.- *Concepto.-*

Entenderase por subvención toda disposición dineraria realizada polo Concello, a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun obxectivo, execución dun proxecto ou realización dunha actividade, adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenrolar, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais ou formais que se tiveran establecido.

c) Que o proxecto, conduta, acción ou situación financiada teña por obxecto unha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

As subvencións que se concedan non poderán exceder, illada ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, ao custe da actividade subvencionada.

3.- *Principios xerais.-*

A xestión das subvencións reguladas na presente base, axustaranse ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Así



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

mesmo axustarase ós principios de eficacia e eficiencia na asignación e emprego de recursos públicos.

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento, e que se relacionan na presente base.

4.- *Procedemento.*

Con carácter xeral, a incoación do expediente de concesión da subvención deberá levarse a cabo de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenrolará o procedemento a seguir para a concesión de subvencións, de conformidade co artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións.

O procedemento ordinario de concesión será o de concorrencia competitiva, mediante comparación de solicitudes, co obxecto de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras u ordenanza correspondente, procedendo á concesión daquelas que obtiveran maior valoración de conformidade cos indicados criterios.

A concesión directa poderá empregarse para as seguintes subvencións:

- a) Subvencións previstas nominativamente no Orzamento.
- b) Aquelas cuxo outorgamento veña imposto por unha norma de rango legal e que seguirán o procedemento que resulte de aplicación de acordo coa súa normativa.
- c) Excepcionalmente, aquelas nas que se acredite razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras, que debidamente xustificadas polo órgano xestor, dificulten a súa convocatoria.

Considerarase que incorren no suposto do apartado c) as axudas de emerxencia social, cando así se determine mediante informe da Traballadora Social.

As subvencións que non se concedan en réxime de concorrencia, deberán tramitarse con carácter xeral a través de Convenio.

5.- *Requisitos xerais.-*

Serán os que establezan as correspondentes Ordenanzas aprobadas, sen prexuízo dos requisitos mínimos regulados na normativa de carácter xeral que sexa de aplicación.

6.- *Aprobación do gasto e pagamento.-*

Será requisito previo para o outorgamento de subvencións a existencia de crédito adecuado e suficiente.

Con carácter previo á convocatoria deberá aprobarse o gasto polo órgano competente, tramitándose para elo o correspondente documento A de autorización do gasto, polo importe máximo que figura na convocatoria.



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

7.- Xustificación.-

Son obrigacións do beneficiario da axuda:

a) A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar ante o Concello de Tui o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención, conforme ao establecido na Ordenanza reguladora de que se trate, así como nas Instrucións que sobre control e xustificación do gasto se diten pola Intervención Xeral.

b) Non se poderán conceder novas subvencións ata tanto quede acreditada a xustificación das anteriormente concedidas.

c) O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Municipal.

d) Comunicar ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos.

e) Concedida unha axuda de emerxencia social, e en atención ó seu carácter excepcional e urxente, poderase acordarse polo órgano concedente o seu abono en concepto de “pagos a xustificar”. Ningún beneficiario destas axudas poderá acceder a outra mentres non teña xustificada a recibida con anterioridade, situación que deberá comprobar o departamento de Servizos Sociais.

f) No caso de que unha axuda ou subvención estea contemplada nun convenio aprobado polo órgano competente, procederá previa solicitude, ó abono do 50% da cantidade acordada, cando así se recolla no documento asinado. Os beneficiarios destas axudas ou subvencións, deberán xustificar a actividade ou gasto realizado, con anterioridade ao cobro do restante 50%.

8.- Reintegro.-

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación das mesmas nos termos contemplados na presente base, na normativa de carácter xeral reguladora das subvencións e específica do Concello de Tui, así como nas Bases da Convocatoria a que se refira a subvención, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguintes procedemento:

8.1.- Incoación de oficio do mesmo mediante Resolución de Alcaldía, ou acordo da Xunta de Goberno Local, en caso de delegación, previo informe da Unidade xestora correspondente e da Intervención municipal, no que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

8.2.- A notificación ás Entidades ou particulares interesados de dita Resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, a fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a subsanar as deficiencias observadas, co apercibimento de que, no caso de acordarse o reintegro da subvención, esixíraselle o interese de demora dende o momento do pagamento da mesma, de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CYB7ROXZJW8HG4YHK



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

8.3.- O Presidente ou órgano en quen delegue, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que se presentaran as mesmas polos interesados, ditará Resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e as demais actuacións que procedan.

8.4.- No caso de que se acorde o reintegro da subvención, este tramitarase a fin de que se faga efectivo nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución do Presidente.

O disposto na presente Base enténdese sen prexuízo do réxime sancionador.

9.- *Subvencións nominativas.-*

Teñen o carácter de subvencións directas, na modalidade de nominativas, e polo tanto non suxeitas ao réxime de concorrencia competitiva, non séndolles de aplicación as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade, as seguintes:



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

A familias e institucións sen fins de lucro.

Org.	Prog.	Econ.	Sp.	Entidade - Descrición	Iniciais	Obxecto
1	231	48906	1	Cruz Vermella do Baixo Miño	1.500,00	Programa alfabetización mulleres xitanas, clases de español e apoio escolar a nenos e nenas a impartir en Tui.
1	231	48907	1	Asociación Española contra o Cancro	1.000,00	Programa Atención bio-psico social e prevención a enfermos de cancro, familiares e poboación en xeral do que serán beneficiarios veciños do Concello de Tui
1	231	48912	1	Asociación Aveláña de axuda ao enfermo mental	1.000,00	Proxecto Fisicamente activo, mentalmente saudable do que serán beneficiarios veciños do Concello de Tui
1	231	48913	1	Residencia San Telmo	12.000,00	Programa Atención e coidade de residentes que carecen de recursos económicos pertencentes ao Concello de Tui.
1	231	48914	1	Asociación Familiares Enfermos de Alzheimer e outras demencias	25.000,00	Programa de estimulación cognitivo-funcional para enfermos de alzheimer. Concello de Tui.
1	231	48916	1	San Xerome Emiliane	3.000,00	Programa xantar usuarios de Tui.
1	231	48917	1	Asociación Accesca	1.500,00	Programa de ocio e vida social para a integración das persoas con discapacidade intelectual do que serán beneficiarios veciños do Concello de Tui
1	231	48919	1	Asociación Discapitados Baixo Miño "Vontade"	8.000,00	Programa empoderando persoas do que serán beneficiarios veciños do Concello de Tui
1	231	48920	1	Asociación Galega de Axuda ao Sahara	2.100,00	Programa Vacacións en paz.
1	231	48957	1	Asociación familiares... nenos autistas TEA UN MAIS-TUI	1.500,00	Programa de actividade de inclusión e integración de persoas con TEA: Campamento de Verán-Conectando Mais.
1	231	48959	1	SOS TOMIÑO	8.000,00	Programa de compra, transporte, conservación e almacenaxe de alimento para cubrir necesidades básicas de alimentación a persoas necesitadas, usuarios Concello de Tui.
1	231	48970	1	Asociación Parkinson Baixo Miño	3.000,00	Programa de rehabilitación integral: Talleres de psicología, fisioterapia, logopedia e terapia ocupacional
1	231	48972	1	Club Sen Amarras	500,00	Organización en Tui dunha proba de Slalóm no Río Miño destinada en especial a persoas con discapacidade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CYB7ROXZJW8HG4YHK



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

1	231	48968	1	FIBROMIÑO	1.000,00	Programa de información e orientación, e actividades para a prevención dos dolores da enfermidade.
1	231	48914	2	Asociación Voluntariado de Caridade San Vicente de Paul	2.500,00	Programa de aseo persoal para as persoas necesitadas que viven na rúa. Ropero para cubrir as necesidades dos usuarios dos servizos sociais do Concello de Tui.
1	326	48941	1	CEIP Nº 2 ANPA AS OLIVAS	3.200,00	Programa actividades Extraescolares: Informática, Inglés, Judo, Kung-Fu, Manualidades...e Excursións formativas"
1	326	48942	1	APA VIRXE DA ROCHA	1.600,00	Programa de actividades extraescolares: manualidades, balonmán, baloncesto e biblioteca.
1	326	48943	1	ANPA COLEXIO GUILLAREI	1.900,00	Programa actividades extraescolares: Obradoiro de música, actividades fin de curso e excursións formativas.
1	326	48945	1	ANPA CEIP DE RANDUFE	1.900,00	Programa de actividades extraescolares: Excursións formativas.
1	326	48946	1	ANPA Colexio Santa María	2.000,00	Programa de actividades extraescolares: Excursións formativas, coro e programa coas familias
1	326	48947	1	ANPA "O Mencer" CEIP de Rebordans	1.900,00	Programa de actividades extraescolares: Natación, taller de cosmofísica, saídas formativas, competicións e actividades fin de curso.
1	326	48948	1	ANPA "A Porteliña" Pazos de Reis	1.900,00	Programa de actividades extraescolares: Baile de salón, deportes, AA.Escénicas, cociña, robótica e saídas lúdico-formativas.
1	326	48949	1	ANPA "Diomedes" CEIP Nº1	2.000,00	Programa de actividades extraescolares: Excursións formativas, actividades de carácter pedagóxico e de fin de curso.
1	326	48964	1	ANPA San Paio	1.000,00	Programa de actividades extraescolares: Saídas formativas e aula portugués.
1	326	48944	1	ANPA CRA Tide	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48901	1	Asociación Cultural e Recreativa Arume de Malvas	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48902	1	Asociación Cultural Val de Flores de Baldráns	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48904	1	Asociación Cultural San Roque e San Bartolomé	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CYB7ROXZJW8HG4HK



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

1	334	48905	1	Asociación Cultural, Deportiva, de Recreo e Xuvenil San Telmo de Tui	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48937	1	Asociación Amigos da Catedral (Música Sacra)	1.200,00	Programa de actividades de música sacra
1	334	48939	1	Liceo Casino	1.500,00	Programa de actividades culturais y deportivas: Manualidades, ludoteca, artesanía, tenis, baloncesto e padel.
1	334	48951	1	Asociación Cultural Seixos Albos de Areas	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48952	1	Asociación Cultural e Deportiva Xuntanza de Randufe	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48953	1	Asociación Sociocultural e Xuvenil O Mosteiro de Pexegueiro	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48954	1	Asociación Cultural, Deportiva e Xuvenil Aloia de Pazos de Reis	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48955	1	Asociación Cultural San Fins de Rebordáns	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48956	1	Asociación Cultural Santa Columba de Ribadelouro	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48958	1	Asociación Cultural Laxes de Paramos	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48960	1	Asociación Cultural Lembranzas da Terra de Guillarei	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48961	1	Asociación Sociocultural e Deportiva A Insua de Caldelas	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48965	1	Banda de Música Popular de Tui	3.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48977	1	Xuventudes Musicais Eixo Atlántico	15.000,00	Organización do Internacional OKEYBOARD FESTIVA & MASTERCLASS (IKEFEM)
1	334	48980	1	Asociación Cultural pola Creación Artística Enfoques Tui	25.000,00	Organización PLAY DOC
1	334	48984	1	Asociación Cultural e Xuvenil do Traxe Tradicional de Tui	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48986	1	Asociación Coral Polifónica Ponte das Febres	1.000,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48987	1	Asociación Coral do Centro Social de Tui	1.000,00	Gastos de mantemento e funcionamento

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CYB7ROXZJW8HG4YHK



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

1	334	48988	1	Asociación Coral San Telmo de Tui	1.000,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48989	1	Asociación Rondalla O Mosteiro	1.500,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	334	48990	1	Asociación Amigos Tudenses de la Camelia - Atuca	1.000,00	Gastos de mantemento e funcionamento
1	341	48909	1	A Quinta de Tui Futsal	8.500,00	Programa de actividades deportivas de Futbol Sala
1	341	48923	1	Club Piragüismo Penedo	5.000,00	Actividades deportivas de piragüismo e participación nas probas deportivas.
1	341	48924	1	Club Kayak Tudense	25.000,00	Asistencia a competicións e Descenso do Miño.
1	341	48925	1	Club Futbol Tyde	10.000,00	Programa de actividades deportivas de fútbol
1	341	48926	1	Club Remo do Miño	11.000,00	Asistencia a competicións
1	341	48928	1	Club Deportivo Caldelas	8.000,00	Programa de actividades deportivas de fútbol
1	341	48930	1	Club Balonman Tui	10.000,00	Programa de actividades deportivas de balonmán
1	341	48932	1	Club Baloncesto Tui	10.000,00	Programa de actividades deportivas de baloncesto.
1	341	48933	1	Club Deportivo Ribadelouro	4.000,00	Programa de actividades deportivas de fútbol.
1	341	48935	1	Club Tennis Tui	2.000,00	Programa de impartición de clases de tenis.
1	341	48936	1	Club Remo Tui	7.000,00	Asistencia a competicións
1	341	48938	1	Club Deportivo Tui Futbol Sala	3.000,00	Programa de actividades deportivas futbol sala
1	341	48939	1	Club Atletismo Tui	5.000,00	Actividades de Atletismo
1	341	48960	1	Club Ribex Patinaxe	5.500,00	Actividade deportiva patinaxe artístico.
1	341	48974	1	Club Badminton Tui	3.000,00	Programa de actividades de Badminton.
1	341	48975	1	Club Futbol Guillarei	2.000,00	Mantemento escolas deportivas.
1	432	48921	1	Convento das Irmás Clarisas	1.000,00	Mantemento do mosteiro das Clarisas de Tui, punto de referencia para os peregrinos e visitantes e que forma parte do Conxunto Artístico Monumental.
1	432	48981	1	ASOCIACIÓN MUIÑEIRO DO RIO TRIPES - TUI	5.000,00	Gastos de mantemento da senda, promoción turística e patrimonial, e actividade cultural "Os noso fariñeiros burros e muíños"

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CYB7ROXZJW8HG4YHK



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

1	432	78006	1	ASOCIACIÓN MUIÑEIRO DO RIO TRIPES - TUI	5.000,00	Gastos de inversión da senda, promoción turística e patrimonial, e actividade cultural "Os noso fariñeiros burros e muíños"
1	432	48967	1	ASOCIACION P. ACUEDUCTO PONTILLON	1.000,00	Defensa e recuperación do patrimonio histórico do acueducto do Pontilón en Caldelas de Tui.
1	924	48910	1	Cruz Vermelha Portuguesa	5.000,00	Apoio a eventos deportivos no Concello de Tui
1	924	48911	1	Associação Humanitaria Bombeiros VV. Valença	6.000,00	Intervención para as que sexan requiridos no Concello de Tui

10.- En relación coas subvencións outorgadas ao Concello, a comprobación da aplicación das subvencións por parte da intervención municipal limitarase a comprobar que se aprobou a factura correspondente, debidamente conformada polo Concelleiro de Área ou Alcalde, xunto co informe ou sinatura do persoal funcionario ou laboral responsable cando fose pertinente, tendo en conta a insuficiencia de medios no departamento de Intervención.

B) SUBVENCIONES A GRUPOS POLÍTICOS

Tendo en conta o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, os grupos municipais poderán percibir unha dotación económica dos orzamentos municipais, que constarán dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo e outro variable en función do número de membros de cada un deles. Estas dotacións están excluídas da normativa xeral de subvencións, e regularanse polo acordo plenario que ao efecto poida adoptarse.

De conformidade co acordo plenario do 28 de xuño do 2019, establécense as seguintes dotacións económicas para os grupos políticos da corporación segundo o artigo 73.3 da Lei 7/1985 nos termos seguintes:

1. Compoñente fixo mensual para cada grupo político: 150,25 €/grupo.
2. Compoñente variable mensual: 10,00 €/membro.

O Grupo Municipal deberá levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

O réxime xurídico, económico e de xestión da asignación dos grupos políticos municipais, é o seguinte:

1º.- Cada grupo político deberá solicitar na Axencia Tributaria do Estado o número de identificación fiscal coa denominación de "Grupo Municipal de..."

2º.- Deberá abrir unha conta bancaria a nome do grupo e baixo devandito número de identificación fiscal



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

3º.- Nomear a un membro do grupo como autorizado para dispor dos fondos da conta bancaria e responsable da contabilidade do grupo, de efectuar as retencións tributarias que procedesen e dar cota da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos conseguidos.

4º.- Cada grupo político deberá levar unha contabilidade específica dos seus gastos de funcionamento. O sistema contable deberá rexistrar todas as operacións de natureza económica, financeira e patrimonial realizadas polo grupo, de xeito que se permita tanto o seu rendemento como a verificación do correcto destino do gasto, e do pago efectivo do mesmo. Esta información porase a disposición do Pleno sempre que este llo pida.

5º.- A asignación percibida non será compartible co financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin aplicarse ao financiamento dos partidos políticos presentes na corporación municipal.

6º.- As dotacións libraranse de xeito bimestral e tramitaranse en un só acto administrativo que acumulará as tres fases do gasto (autorización, disposición e recoñecemento da obriga) utilizando o documento contable ADO.

7º.- Destino das asignacións e xustificación das mesmas.

O importe das asignacións establecidas non poderá destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin retribucións a membros do grupo.

Os propios concelleiros do grupo son persoal ao servizo da corporación e non poden percibir cantidades destas asignacións. Tampouco poderá destinarse á adquisición de bens que podan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Terán a consideración de activos fixos de carácter patrimonial todos os bens que reúnan algunha das seguintes características:

- que non sexan bens funxibles
- que teñan unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario
- que sexan susceptibles de inclusión en inventario
- ser gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.

As asignacións percibidas non poden destinarse en ningún caso a outros fins mais alá dos gastos de funcionamento do grupo na súa actuación corporativa; actuación que se erixe e serve como elemento conformador e xustificador da existencia do propio grupo municipal.

Os documentos xustificativos presentados deben estar vinculados á efectiva e directa relación dos gastos xustificadas co desenvolvemento da actividade ordinaria do grupo. Considérase como “actividade ordinaria” a relacionada coas prestacións recollidas como gastos correntes na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo

A título meramente enunciativo serán susceptibles de xustificación gastos de material de oficina; cartelería, timbre e prensa; material de ofimática; gastos por mantemento informático; mantemento de sede ou local; medios de transporte relacionados coa actividade política do grupo; telefonía e Internet; eventos organizados polo grupo; bens funxibles.



Xoves, 20 de abril de 2023

Núm. 76

Admitiranse como xustificante de gasto facturas orixinais que cumpran os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, de 30 de novembro, identifiquen claramente os conceptos, importe, proveedor e grupo político destinatario, ademais de estar datadas no período subvencionable.

O pago deberá ter sido realizado mediante transferencia bancaria que asegure a conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario.

8º.- Presentación da conta xustificativa e rendición ao Pleno

A conta xustificativa deberá presentarse unha vez rematado o exercicio ao que se refire. A Intervención Municipal elevará un informe ao Pleno sobre a debida xustificación das dotacións percibidas con anterioridade ou no mesmo momento do sometemento a aprobación da Conta Xeral do exercicio correspondente.

Con carácter excepcional, nos anos de celebración de eleccións municipais deberá renderse xustificación das percepcións recibidas desde o 1 de xaneiro ata a data de constitución da nova corporación resultante das eleccións.

9º.- Información adicional.

Dase constancia expresa de que de acordo co criterio da Intervención Xeral da Administración do Estado sobre as aportación aos grupos políticos, determínase que, a partir da entrada en vigor da reforma da Lei de Financiación de Partidos Políticos, a Lei Xeral de Subvención opera con carácter supletorio, de xeito que lle resulta de aplicación o réxime de subministro de información á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os grupos políticos, como perceptores de axudas, deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Se con cargo aos fondos percibidos os grupos aboaran honorarios profesionais ou outros gastos suxeitos a retención, estarán obrigados a practicar as correspondentes retencións así como ao seu ingreso na AEAT.

As contas xustificativas publicaranse no Portal de Transparencia Municipal.”

Contra a devandita aprobación, poderán os interesados interpor, se así o estiman, recurso contencioso-administrativo, o cal non suspenderá por si só a obriga e efectividade do devandito expediente ao abeiro do que preceptúa o 171 do RDL 2/2004.

Tui, O Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

Documento asinado dixitalmente á marxe

